

ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN EN 1997



Desde a publicación do último número (o 6) deste Boletín CROA producíronse novidades importantes que afectan tanto ó Museo como á Asociación.

En canto ó primeiro, ó longo do ano foise facendo realidade a nova dotación de persoal prevista na Relación de Postos de Traballo da Consellería de Cultura e Comunicación Social (publicada no DOG de 27-12-96), co incremento de dúas técnicas superiores e dúas axudantes de museos, unha restauradora, unha debuxante ("compartida" coa Delegación provincial) e un auxiliar e tres vixiantes de museos. Este aumento de plantilla permitiu establecer xa un organigrama de funcionamento do centro coas funcións museísticas básicas (documentación-investigación, conservación, e difusión-comunicación, ademais da área de xestión-administración), o que tamén obrigará a un mellor desenvolvemento das mesmas co fin de que o traballo e os labores do Museo redunden en beneficio dun máis amplo servizo (cultural, científico e patrimonial) á sociedade.

A Asociación, no seu ánimo de colaboración permanente e para sumarse cun novo soporte técnico a este incremento de recursos humanos, adquiriu para o Museo diverso material informático consistente nun ordenador persoal Pentium 200 Mhz e 32 Mb RAM, con kit multimedia e o paquete de software de Windows 95 (con Corel Word

Perfect Suite 7). Con este esforzo económico, a Xunta Directiva saínte pon broche de ouro ó magnífico labor realizado durante estes últimos catro anos e da que, como é ben sabido, recollimos o relevo no mes de abril.

A benignidade da pasada primavera provocou un inusual crecemento da vexetación nas distintas áreas do Castro, o que obrigou a acometer unha breve e rápida pero eficaz campaña de limpeza no mesmo; a este respecto, considerouse oportuna a colaboración da Asociación anticipando os medios económicos (que logo serían reembolsados pola Consellería de Cultura) necesarios para unha maior axilización daqueles traballos de mantemento e adecuación do xacemento.

En relación coas viaxes de carácter cultural hai que recoñecer que, por circunstancias tan variadas como complexas, este ano foi máis ben pobre. Frustrouse a prevista viaxe de dous días ó Norte de Portugal debido ó pouco número de socios/as inscritos, polo que se intentará retomalo para 1998 axeitándoo a unhas datas (e itinerario) que o fagan posible. O 26 de outubro fíxose unha viaxe por terras de Sarria, O Incio e Samos, visitando o Castro de Formigueiros -acobillados no seu imponente sistema defensivo mentres observamos a evolución dos cazadores nun couto situado na anexa necrópole megalítica do Monte de Sta. Mariña -, a Igrexa e Priorato de Sta. María do Val do

Mao, a Igrexa de S. Pedro Fiz do Hospital (ver fotografía) e o conxunto etnográfico da Ferrería do Incio. Nestes lugares transformámonos de cazadores pasivos en activos recolectores de saborosas noces e castañas que nos permitiron recuperar as forzas gastadas en fatigosos e "inclinados" paseos. Logo de comer (ben) no senlleiro Pazo de Romariz, realizamos unha visita guiada ó Mosteiro de Samos e a súa capela prerrománica, regresando despois a Lugo.

A nosa pertenza á Federación Española de Amigos de los Museos manifestouse, unha vez máis e entre outras colaboracións, coa publicación dun artigo sobre Viladonga no Boletín Informativo nº 8, do mes de setembro. No Museo existen exemplares dos números 6, 7 e 8 deste Boletín a disposición dos socios/as interesados.

Nos últimos días deste ano reeditouse o modelo de calendario de difusión cultural para 1998, e froitificaron as xestións para que a Xunta de Galicia (edificio administrativo multiusos) confeccionara unhas tarxetas de felicitación polo Nadal incluíndo unha fotografía do Castro nevado, participando así todas as delegacións provinciais daquel edificio na divulgación de Viladonga.

É de xustiza agradecermos tamén aquí as subvencións anuais da Fundación "Barrié de la Maza" e do Concello de Castro de Rei que, xunto ás cuotas dos socios/as e, tantas veces, á súa colaboración desinteresada, permiten o desenvolvemento non só das distintas actividades da Asociación senón de dalgúns aspectos da vida do propio Museo.

Como adianto das actuacións para 1998 poderemos citar a inmediata reposición de material para a "tenda" do Museo con algunhas variacións como a reedición actualizada de diapositivas, o rediseño do chaveiro e do sistema de enganche dos "pins", a confección dun vídeo (que se comercializará) de vinte minutos sobre o Castro e o Museo de Viladonga e o seu contorno. Tamén se prepara unha posible viaxe cultural a Barcelona, a fins do primeiro trimestre (ponte do 19 de marzo), para visitar a Exposición internacional itinerante "Los Iberos, príncipes de Occidente" que estará no Centro Cultural da Fundación La Caixa do 30 de xaneiro ó 12 de abril.

CROA - 7 - 1997

Como se fixo noutras ocasións desde este Boletín CROA, a nova Xunta Directiva quere chamar a atención dos case 160 socios/as para recabar a súa colaboración e o seu apoio, cada un na medida das súas posibilidades e capacidade, para un maior e mellor desenvolvemento das actividades da Asociación que permitan cumprir así os fins e obxectivos marcados nos seus Estatutos.